

González Reboredo, X. M. / Fernández de Rota, X. A. (coords.): *Actas do Simposio de Antropoloxía "Lindeiros da Galeguidade" (O Cebreiro, A Proba de Navia, Vilafranca do Bierzo, 5-7 xullo de 1990)*. [Santiago]: Consello da Cultura Galega, 1991. 181 pp.

Publicáronse hai uns meses as actas do Simposio organizado pola Sección de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega que se celebrou a comezos de xullo de 1990. Nel reuníronse antropólogos, historiadores e lingüistas interesados en estudiaren a realidade da franxa limítrofe coa Galicia administrativa desde as súas respectivas disciplinas.

As *Actas* inicianse cunhas reflexións de Jeremy MacClancy, da Universidade de Oxford, sobre o significado e a importancia dos límites culturais ("Los límites según perspectivas antropológicas", pp. 11-15). A continuación Clodio González Pérez estudia os hórreos de Asturias, León e Galicia nun ensaio titulado "O hórreo: Unha construción común a Asturias, León e Galicia" (pp. 17-34).

As relacións económicas nos límites orientais de Galicia na Idade Moderna e no S. XIX son estudados por Pegerto Saavedra no traballo "Economía campesiña e intercambios na montaña luguesa: Séculos XVI-XIX" (pp. 35-54).

José Luis García García é autor dun interesante ensaio sobre os límites das identidades ("Discursos y fronteras: Límites físicos, límites sociales y límites mentales", pp. 55-65), baseándose na observación da comarca dos Oscos, "que tiene la peculiaridad, para cualquier observador, de pertenecer a Asturias pero de ser, culturalmente, una fiel continuación de Galicia" (p. 56).

Tamén William Kavanagh se ocupa da interpenetración das fronteiras administrativas e das fronteiras culturais, cunha colaboración titulada "Fronteras simbólicas y fronteras reales" (pp. 67-72), na que presenta un avance dunha investigación en curso que ten como obxectivo a comparación do comportamento social e cultural dunha aldea galega e outra portuguesa separadas por poucos quilómetros.

Os problemas da identidade nos límites son abordados igualmente no relatorio de Xaquín Rodríguez Campos, "Como pensar a identidade nos límites: Os Ancares" (pp. 73-80), no que estudia os cambios e a situación actual do proceso de autoidentificación e de identificación do veciño que se produce nas comunidades que habitan Os Ancares, repartidos administrativamente entre Galicia, Asturias e León.

Os Ancares como área cultural partida en tres polas fronteiras político-administrativas é tamén o campo de estudio de Xosé M. González Reboredo, que tenta explicala espacialidade dos casamentos nesta comarca á luz das tradicións da herdanza nas distintas áreas ("Espacialidade matrimonial e herdanza nos lindeiros de Asturias, Galicia e León", pp. 81-95).

Brian Juan O'Neill estudia unha forma de residencia natolocal en Trás-os-Montes, en relación coa mesma práctica observada no Sudoeste da provincia de Ourense, entre outros lugares ("Nos límites do casamento: A residêcia natolocal em Trás-os-Montes", pp. 97-105).

A última parte das actas está constituída por tres ensaios lingüísticos. O primeiro titúlase "La variedad lingüística del Bierzo" (pp. 107-111), de C. Casado Lobato, e consiste nun repaso bastante superficial e mesmo incompleto polos estudos existentes sobre a lingua desta comarca e sobre as ideas dos seus autores respecto da adscrición desa variedade lingüística. É mágoa que se desaproveitase a ocasión para facer un percorrido crítico por eses mesmos estudos. Para máis, a autora descoñece os traballos feitos en Galicia sobre esas falas, en especial o *Atlas Lingüístico Galego*, realizado polo ILG, e as contribucións á súa caracterización lingüística feitas por F. Fernández Rei (Cfr., entre outros, "Textos do galego exterior: Piantón (A Veiga-Oviedo), Paradaseca do Bierzo (León) e Lubián (Zamora): Caracterización lingüística", in *Homenaje a A. Galmés de Fuentes*, vol. 1. Oviedo / Madrid, 1985, pp. 171-197; *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo, 1990). Pola mesma razón, a relación de obras sobre as falas bercianas que a autora inclúe ó final da súa comunicación está moi incompleta, ademais de carecer dos mínimos datos editoriais para que eses traballos poidan ser localizados polo lector.

O seguinte traballo ("Trazos lingüísticos nos límites orientais da galegitude", pp. 113-128) é obra de Francisco Fernández Rei e ten como obxectivo o establecemento dos "criterios lingüísticos e extralingüísticos para marca-la fronteira oriental da lingua galega" (p. 113). Baseándose fundamentalmente nos materiais do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* e mais no *Atlas Lingüístico Galego*, o autor enumera sete trazos lingüísticos (fonéticos e morfolóxicos) que permiten separa-los territorios de lingua galega dos de lingua asturleonese. De seguido cita abundantes aspectos da cultura e da historia que estes territorios teñen en común con Galicia, para concluír que a comunidade de lingua existente entre a Galicia administrativa e estas terras asturianas, leonesas ou zamoranas "é a parte visible dun iceberg, sustentado por unha cultura e unha literatura popular común, unha (pre)historia compartida e uns costumes semellantes elevados a categoría de dereito civil; é dicir, en toda a franxa exterior hai unha lingua común porque houbo (e en parte hai) unha identidade galega común, que a artificiosidade das divisións provinciais non logrou borrar" (p. 119). Fernández Rei retoma o discurso lingüístico para caracteriza-las variedades lingüísticas desta "franja exterior" do galego por medio dos seus trazos máis destacados e, finalmente, para facer algunhas consideracións sobre a necesidade de integrar estas variedades lingüísticas no galego común, de que os falantes se recoñezan no estándar galego, sempre desde o respecto polas peculiaridades de cada fala.

No terceiro destes traballos, o equipo da División de Estudos do Bilingüismo do ICE da Universidade de Santiago, composto por D. Veiga Martínez, N. Arza Arza e X. Rubal Rodríguez, estudia a "Situación sociolingüística do alumnado das zonas limítrofes con Galicia" (pp. 129-139), ofrecendo un "adianto parcial do contido dunha próxima publicación do Consello da Cultura Galega" (p. 129). Neste traballo preséntanse resultados dunha serie de enquisas levadas a cabo en distintos puntos desas zonas entre escolares da segunda etapa de EXB e de Ensino Medio (BUP e FP-I). Nel móstrase-la evolución da lingua familiar por medio da cuantificación dos usos lingüísticos na xeración dos avós, dos pais e dos fillos, que reflicte o retroceso do galego como lingua



materna de xeración en xeración. Os resultados, así a todo, son desiguais nas tres áreas de estudio (Asturias, León e Zamora), notándose unha mellor conservación do galego como lingua habitual dos alumnos en Zamora (66 %) e en Asturias (45 %) respecto de León (21 %). Á parte da significación de que os dous tercios dos alumnos zamoranos sexan galegofalantes, hai que destaca-la grande importancia dos datos de Asturias, sobre todo se tomamos en conta o volume da poboación (50.000 persoas) e mailo medio socio-cultural no que se desenvolven. Tamén se dá conta dos usos lingüísticos no entorno familiar, escolar e veciñal, así coma das actitudes dos alumnos respecto das lingua española e galega, con resultados que en xeral mostran unha implantación importante da nosa lingua na xeración máis nova. Posiblemente non estaría de máis indicar de que tipo de hábitat (rural, semirural, urbano) proceden os alumnos, de que zona xeográfica (p.e., distinguir en Asturias se os alumnos son da mariña ou do interior), ou o nivel socioeconómico da familia. Non obstante, trátase dun traballo de grande interese ó que poucos reparos se lle poden poñer.

As Actas conclúen cuns breves apuntamentos de bolseiras do C.C.G. que están a realizar traballos sobre San Antolín de Ibias, Oencia, Porto de Sanabria e a Cabreira Baixa (baixo o título xeral ("Aproximación a unha investigación antropolóxica nos lindeiros da galegitude", pp. 141-169).

Como apéndice, inclúese o texto da "Proposta que presenta o Consello da Cultura Galega ó Ministerio de Educación e Ciencia referente á implantación do galego no ensino nas zonas galegofalantes de Asturias, León e Zamora" (pp. 175-181), que foi aprobado por unanimidade no pleno celebrado en Santiago o 5 de outubro de 1990. O borrador deste texto, redactado por Xoán Babarro e Antón Santamarina, fora debatido na sesión lingüística celebrada en Vilafranca o derradeiro día do Simposio.

Á vista deste sumario, resulta innecesario subliña-la importancia destas actas, que, por unha vez, non supoñen unha xustaposición de traballos diversos e inconexos entre si; ben ó contrario, estamos ante un libro no que tódalas contribucións se complementan, fornecendo ó lector unha visión coherente das distintas facetas da cultura destes lindeiros de Galicia. Tomando como eixe a cuestión da identidade cultural e lingüística, as comunicacións deste Simposio achéganse con rigor e obxectividade científicas a unha realidade sociocultural problemática, mostrando como unhas fronteiras políticas e administrativas arbitrarias non foron capaces de tronza-los vínculos culturais e lingüísticos que estas comunidades seguen mantendo con Galicia. Ademais, o estudio en conxunto sae moi fortalecido pola interdisciplinabilidade con que se aborda a análise dunha mesma realidade. Trátase sen dúbida dun éxito que hai que agradecer tanto ós organizadores do Simposio coma ós colectivos e personalidades das zonas de Asturias, León e Zamora de fala galega, que veñen traballando desde hai tempo pola dignificación e o recoñecemento da súa cultura e a súa lingua.

Por todo isto, é este un libro recomendable non só para os interesados na problemática lingüística e cultural da chamada "franja exterior", senón para tódolos galegos comprometidos ou interesados na normalización cultural e lingüística da nosa nación. Esperamos, ademais, que non tarden en se publica-las Actas da segunda edición destes

encontros (*Lindeiros da galeguidade II*), celebrados en Verín (Ourense), Chaves (Trás-os-Montes) e Lubián (Zamora) os días 11-13 de xullo de 1991, por analizarse nela a problemática da galeguidade sudoriental, o que sen dúbida completará a visión ofrecida nestes *Lindeiros I*.

X. L. REGUEIRA

*Revista de Llengua i Dret*, nº 14, xullo de 1990, Escola d'Administració Pública de la Generalitat de Catalunya, Barcelona, 1990.

Publícase este novo número da *Revista de Llengua i Dret* coa mesma estrutura que xa vén sendo norma en números anteriores (vid. *Cadernos de Lingua 1 e 2*). Así, inclúense ó comezo os relatorios das "Jornades de reflexió sobre les llengües espanyoles a l'Administració de justícia", a saber:

- Jesús Prieto de Pedro: Libertades lingüísticas, doble oficialidad e igualdad en la jurisprudencia.

- Josep M. Puig Salellas: Conceptos básicos de la doble oficialidad.

- Cesáreo Rodríguez Aguilera: La adaptación de la Administración de justicia a la doble oficialidad.

- Joan Antoni Xiol i Ríos: El tratamiento jurídico de la doble oficialidad por parte de las leyes y los reglamentos.

Na sección de estudos, e dentro do apartado dedicado á linguaxe administrativa e xurídica, Carles Duarte i Montserrat trata sobre "Els llenguatges d'especialitat" ou tecnolectos, nun artigo conciso e rigoroso que inclúe unha mínima bibliografía sobre a materia.

No epígrafe que trata do réxime xurídico, inclúense os seguintes artigos:

- André Braen: Les garanties linguistiques constitutionnelles au Canada.

- Oriol Badia i Tobella: A l'entorn d'una sentència del Tribunal de Justícia de les Comunitats Europees sobre l'exercici d'una determinada professió a Irlanda i el requisit del coneixement de la seva llengua.

- Maria Josep Baró i Ballbé: L'etiquetatge en català: un problema en relació amb la CEE?

- Raimon Carrasco i Nualart: Notes sobre l'activitat de foment: estat de la qüestió en la doctrina i consideracions sobre el seu règim jurídic. Foment i normalització lingüística.

- Carles A. Gasòliba: El català a les institucions europees.

- Jacques Maurais: Breu història de les mesures legislatives lingüístiques al Regne Unit.